



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Estancias Prácticas I	Código	653G01110	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Nieto Riveiro, Laura	Correo electrónico	laura.nieto@udc.es	
Profesorado	Groba Gonzalez, Betania	Correo electrónico	b.groba@udc.es	
	Nieto Riveiro, Laura		laura.nieto@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa práctica clínica e/ou comunitaria da terapia ocupacional mediante a observación directa e a análise dos centros de prácticas e a intervención do profesorado titor, terapeuta ocupacional, dos devanditos centros.</p> <p>Descriptor: Estadías prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de terapia ocupacional, traballando axeitadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias desta profesión en diferentes contornas, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poboacións.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Desenvolver habilidades básicas propias da práctica da terapia ocupacional neste estadio de aprendizaxe, de acordo coas competencias seleccionadas.	A6 A16 A19 A23	B6 B9 B14 B19 B23 B24 B26 B31	C4 C7
Observar, analizar e reflexionar sobre os centros de prácticas e as funcións das/os terapeutas ocupacionais integradas/os no sistema sanitario, educativo, domiciliario, laboral e comunitario de pertenza. Así mesmo, o alumnado debe desenvolver a capacidade para manter a dignidade, a privacidade e a confidencialidade das persoas.	A8 A16 A19 A23	B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24	C1 C4 C7
Observar, analizar e reflexionar sobre a intervención da terapia ocupacional nos diferentes ámbitos da disciplina.	A19	B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24	C1 C4



Observar, analizar e reflexionar sobre a relación terapéutica en terapia ocupacional.	A19	B3 B6 B7 B23 B24	C1 C4 C7
Observar, analizar e reflexionar sobre o perfil das persoas usuarias dos servizos de terapia ocupacional.	A19	B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24 B31	C1 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Criterios xerais das Estadias prácticas I	Tema 1.1.- Consideracións e aspectos éticos Tema 1.2.- Normas e consideracións básicas dos centros de prácticas clínicas e/ou comunitarias Tema 1.3.- Análise dos centros de prácticas clínicas e/ou comunitarias
Tema 2.- Observación da intervención de terapia ocupacional nos centros de prácticas	Tema 2.1.- Intervención desde terapia ocupacional nos centros de prácticas clínicas Tema 2.2.- Intervención desde terapia ocupacional nos centros de prácticas comunitarias Tema 2.3.- Habilidades básicas para a intervención desde terapia ocupacional
Tema 3.- Rexistro da información en terapia ocupacional	Tema 3.1.- Características xerais do rexistro da información en terapia ocupacional Tema 3.2.- Uso de ferramentas tecnolóxicas para o rexistro e síntese da información
Tema 4.- Observación de teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de terapia ocupacional nos centros de prácticas clínicas e/ou comunitarias	Tema 4.1.- Análise das funcións e destrezas propias da terapia ocupacional Tema 4.2.- Abordaxes de avaliación e intervención desde terapia ocupacional Tema 4.3.- Cooperación co equipo interdisciplinar

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A23 B6 B14 B23 B24 B26 B31 C4 C7	1	0	1
Discusión dirixida	A8 A19 B3 B6 B7 B8 B14 B19 B23 B31 C1 C4 C7	4	0	4
Portafolios do alumno	A8 A19 B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	0	30	30
Prácticas clínicas	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C4 C7	20	12	32



Prácticas de laboratorio	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C1 C4 C7	20	6	26
Saídas de campo	A6 A8 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C4 C7	5	10	15
Atención personalizada		4.5	0	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Son actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con esta metodoloxía preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado. Dentro desta metodoloxía, enmárcanse a reunión de presentación da materia, e distintas actividades que se desenvolverán nas primeiras sesións de Prácticas de laboratorio.
Discusión dirixida	Trátase dunha técnica de dinámica de grupos na cal as persoas que integran o grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinadas por unha persoa que modere. Dentro desta metodoloxía, enmárcanse as reunións de seguimento e peche da materia.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado nun período de tempo determinado, cos comentarios e cualificacións asignadas polas docentes, o que lles permite visualizar o seu progreso. O portafolios inclúe todo o que fai cada estudante, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso realizados polas docentes, etc.
Prácticas clínicas	O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no cal o estudantado observa e participa en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlle oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da terapia ocupacional.
Prácticas de laboratorio	Esta metodoloxía permite que o alumnado aprenda de maneira efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.
Saídas de campo	Son actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario, relacionadas co ámbito de estudo da materia. No caso desta materia, estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, e a recollida de información. Dentro das saídas de campo, inclúese a asistencia a actividades enmarcadas na programación do Marzo Ambiental da FCS, co fin de favorecer a participación do alumnado en accións vinculadas co coidado da contorna e a promoción da saúde.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	A atención personalizada farase mediante titorías individualizadas ou en grupo reducido (segundo as necesidades do alumnado), en modalidade presencial ou virtual (a través da aplicación Teams).
Prácticas clínicas	Estas titorías poderanse realizar de luns a venres, entre as 09:00 e as 19:00 h. Levaranse a cabo por solicitude do estudantado interesado, ou a petición do profesorado da materia se o considera preciso, sendo programadas nun horario consensuado coas docentes, que non interfira en ningún caso coa asistencia e participación do alumnado nas restantes materias do título en que estea matriculado.
Saídas de campo	
Prácticas de laboratorio	
Actividades iniciais	
Discusión dirixida	Ademais, tamén se brindará atención personalizada mediante o correo electrónico, e a través dos foros ou a opción de mensaxe privada do Campus Virtual.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A8 A19 B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a capacidade de expresión escrita do alumnado (valorando de forma negativa os erros ortográficos, gramaticais e sintácticos), a adquisición de destrezas e coñecementos referentes ao contido da materia, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, a capacidade de razoamento e de resolución de problemas, e a actitude crítica e reflexiva.	50
Prácticas clínicas	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C4 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a responsabilidade, a actitude ante as normas xerais da materia e as normas de funcionamento específicas de cada centro de prácticas, e a adquisición e aplicación de destrezas, coñecementos e conceptos, tanto teóricos como prácticos. A asistencia a todas as prácticas clínicas é obrigatoria. As ausencias xustificadas ás prácticas clínicas deberán ser comunicadas á coordinadora da materia, sempre que sexa posible de forma previa. Posteriormente, deberase achegar o xustificante correspondente.	20
Saídas de campo	A6 A8 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C4 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: a responsabilidade, a actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas, exercicios e actividades propostas, e co desenvolvemento xeral das saídas de campo), e a adquisición e aplicación de destrezas, coñecementos e conceptos, tanto teóricos como prácticos. A participación nas saídas de campo é obrigatoria. As ausencias xustificadas ás saídas de campo deberán ser comunicadas á coordinadora da materia, sempre que sexa posible de forma previa á súa realización. Posteriormente, deberase achegar o xustificante correspondente.	20
Prácticas de laboratorio	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B26 B31 C1 C4 C7	Para a avaliación desta metodoloxía, valorarase: 1) A responsabilidade, a actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas, exercicios e actividades propostas, e co desenvolvemento xeral das prácticas de laboratorio), e a adquisición e aplicación de destrezas, coñecementos e conceptos, tanto teóricos como prácticos. 2) As tarefas, exercicios ou actividades prácticas, de carácter individual e/ou grupal, propostas durante o desenvolvemento desta metodoloxía. A asistencia a todas as prácticas de laboratorio é obrigatoria. As ausencias xustificadas ás prácticas de laboratorio deberán ser comunicadas á coordinadora da materia, sempre que sexa posible de forma previa á súa realización. Posteriormente, deberase achegar o xustificante correspondente.	10

Observacións avaliación



O sistema de cualificacións exprésarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no artigo 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE nº 224 de 18 de setembro de 2003), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente/Matrícula de honra (Graciable).

A efectos desta materia, considerarase como Non presentado (NP) ao alumnado que non participe na totalidade de actividades de avaliación continua, tendo en conta as condicións que figuran a continuación.

Para superar a materia, cada estudante debe participar activamente en todas as metodoloxías propostas, asistindo de maneira obrigatoria (salvo ausencia debidamente xustificada) a todas as sesións prácticas (Prácticas clínicas, Prácticas de laboratorio e Saídas de campo), participando nas Actividades iniciais e de Discusión dirixida que se leven a cabo, e entregando todos os traballos solicitados (Portafolios). Ademais, deberá acadar unha cualificación global mínima de 5 puntos e ter superadas todas as metodoloxías de avaliación, alcanzando como mínimo o 50% da cualificación correspondente a cada metodoloxía. No caso de non acadar a cualificación mínima requirida nalguna das metodoloxías, non se sumarán o resto de metodoloxías, e a cualificación global da materia corresponderase coa nota obtida na metodoloxía suspensa. No caso de ter varias metodoloxías suspensas, a cualificación global da materia corresponderase coa nota suspensa máis elevada.

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (xuño) pola ausencia non xustificada ou o suspense das sesións prácticas desenvolvidas (Prácticas clínicas, Prácticas de laboratorio e/ou Saídas de campo), non se poderá superar a materia na segunda oportunidade (xullo), e a/o estudante terase que presentar na seguinte convocatoria, ao tratarse de actividades que, pola súa natureza, non son recuperables na segunda oportunidade (tal e como recollen as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, vixentes na actualidade).

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (xuño) pola falta de entrega ou o suspense dos traballos correspondentes á metodoloxía Portafolios ou ao resto de metodoloxías, a/o estudante terá que repetir a entrega dos traballos suspensos ou non presentados na segunda oportunidade (xullo).

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da Universidade da Coruña.

A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao estudantado coa suficiente antelación.

Fontes de información

Bibliografía básica

- American Occupational Therapy Association (AOTA) (1993). Core values and attitudes of occupational therapy practice. The American Journal of Occupational Therapy, Vol. 47 (12)
- American Occupational Therapy Association (AOTA) (2015). Occupational therapy code of ethics. The American Journal of Occupational Therapy, Vol. 69 (Supl. 3)
- Consejo General de Colegios de Terapeutas Ocupacionales (CGCTO) (2020). Código deontológico de terapia ocupacional.
- Council of Occupational Therapists for the European Countries (COTEC) (2009). Code of ethics.
- Donna M. Costa, Susan K. Meyers (2007). Clinical supervision in occupational therapy: A guide for fieldwork and practice. Bethesda: AOTA Press
- Edward A.S. Duncan (2022). Skills for practice in occupational therapy, 2ª ed. Edinburgh: Churchill Livingstone/Elsevier
- European Network of Occupational Therapy in Higher Education (ENOTHE) (2004). Approaches to teaching and learning "practical" occupational therapy skills: Sharing best practice. Amsterdam: ENOTHE
- Jane Clifford O'Brien (2018). Introduction to occupational therapy, 5ª ed. St. Louis Missouri: Elsevier
- Judith Palladino, Ruth N. Jeffries (2000). The occupational therapy fieldwork: Manual for assessing professional skills. Philadelphia: F.A. Davis Company
- Suzanne M. Peloquin (2007). A reconsideration of occupational therapy's core values. The American Journal of Occupational Therapy, Vol. 61 (4)
- World Federation of Occupational Therapists (WFOT) (2016). Code of ethics: Ethical core of occupational therapy.



Bibliografía complementaria	<p>- Barbara A. Boyt Schell, Glen Gillen, Marjorie E. Scaffa (2015). Willard & Spackman: Terapia ocupacional, 12ª ed. Buenos Aires, Madrid: Médica Panamericana</p> <p>- Begña Polonio López (2001). Conceptos fundamentales de terapia ocupacional. Madrid: Médica Panamericana</p> <p>- Dulce Romero Ayuso, Pedro Moruno Miralles (2003). Terapia ocupacional: Teoría y técnicas. Barcelona: Masson</p> <p>- Edward A.S. Duncan (2022). Fundamentos para la práctica en terapia ocupacional, 6ª ed. Barcelona: Elsevier</p> <p>- Ernesto López Méndez, Pilar Llorente Domingo, Miguel Costa Cabanillas (2023). Manual ilustrado de habilidades de comunicación. Madrid: Pirámide</p> <p>- Gary Kielhofner (2006). Fundamentos conceptuales de la terapia ocupacional, 3ª ed. Buenos Aires: Médica Panamericana</p> <p>- Helen L. Hopkins, Helen D. Smith (2006). Terapia ocupacional, 9ª ed. Buenos Aires, Madrid: Médica Panamericana</p> <p>- Janet Nagayda, Sarah Schindehette, Jaclyn Richardson (2005). The professional portfolio in occupational therapy. Thorofare: Slack</p> <p>- Jerónimo González Bernal (2020). Fundamentos de la terapia ocupacional. Burgos: Universidad de Burgos</p> <p>- Mary Ann McColl, Mary C. Low, Debra Stewart (2015). Theoretical basis of occupational therapy, 3ª ed. Thorofare: Slack</p> <p>- Rosemary Hagedorn (1997). Foundations for practice in occupational therapy, 2ª ed. Edinburgh: Churchill Livingstone</p> <p>Para a elaboración do Portafolios do alumnado, recoméndase o emprego e aplicación dalgún dos seguintes modelos, que poden axudar a guiar e estruturar a reflexión sobre a experiencia nas prácticas e o proceso de aprendizaxe experimentado a nivel individual:</p> <p>Ciclo reflexivo de Gibbs Gibbs, G. (1988). Learning by doing: A guide to teaching and learning methods. Oxford Further Education Unit. Máis información en: https://www.ed.ac.uk/reflection/reflectors-toolkit/reflecting-on-experience/gibbs-reflective-cycle</p> <p>Modelo 'Que? E entón que? E agora que?' Borton, T. (1970). Reach, touch and teach: Student concerns and process education. McGraw Hill.</p> <p>Discoll, J. (1994). Reflective practice for practice. Senior Nurse, 14(1), 47-50.</p> <p>Rolfe, G., Freshwater, D. e Jasper, M. (2001). Critical reflection in nursing and the helping professions: A user's guide. Palgrave MacMillan. Máis información en: https://www.ed.ac.uk/reflection/reflectors-toolkit/reflecting-on-experience/what-so-what-now-what</p> <p>Ciclo reflexivo integrado Bassot, B. (2013). The reflective journal: Capturing your learning for personal and professional development. Palgrave MacMillan. Máis información en: https://www.ed.ac.uk/reflection/reflectors-toolkit/reflecting-on-experience/the-integrated-reflective-cycle</p> <p>As catro F da revisión activa Greenaway, R., Vaida, B. e Iepure, C. (2015). Active reviewing: A practical guide for trainers and facilitators. CreateSpace Independent Publishing Platform. Máis información en: https://reviewing.co.uk/learning-cycle/ https://www.ed.ac.uk/reflection/reflectors-toolkit/reflecting-on-experience/four-f</p> <p>Marco de reflexión CARL Máis información en: https://www.ed.ac.uk/reflection/reflectors-toolkit/reflecting-on-experience/carl</p> <p>Marco de reflexión das cinco R Bain, J. D., Ballantyne, R., Mills, C. e Lester, N. C. (2002). Reflecting on practice: Student teachers' perspectives. Post Pressed. Máis información en: https://www.ed.ac.uk/reflection/reflectors-toolkit/reflecting-on-experience/5r-framework</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases Históricas e Documentación en Terapia Ocupacional/653G01108

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito, Bioética e Terapia Ocupacional/653G01105

Ciencias da Ocupación e Fundamentos de Terapia Ocupacional/653G01109

Materias que continúan o temario

Procesos de Terapia Ocupacional/653G01204

Estancias Prácticas II/653G01210

Observacións



1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:Non se empregarán plásticos.Realizaranse impresións a dobre cara.Utilizarase papel reciclado.Evitarase a impresión de borradores.2.- A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao estudiantado coa suficiente antelación.3.- Para a adecuada planificación das estadias prácticas, realizaranse (segundo o calendario oficial) varias reunións de coordinación académica:Actividades iniciais: reunións destinadas ao establecemento de grupos de prácticas e a distribución de quendas e rotatorios. Ao comezo da materia, realizarase unha reunión para a presentación dos diferentes recursos de prácticas, as normas e consideracións básicas a ter en conta nas distintas sesións prácticas, e os traballos que se solicita realizar ao longo da materia, así como para a organización dos grupos e quendas de estudantes para cada sesión práctica.Actividades de seguimento e peche: reunións destinadas ao seguimento e supervisión do alumnado e a análise das sesións prácticas levadas a cabo. Durante o transcurso do cuadrimestre e ao final do mesmo, realizarase unha reunión de seguimento e unha reunión de peche da materia, co fin de facer un seguimento adecuado da participación e evolución do alumnado no transcurso das prácticas, e unha análise posterior dos recursos e sesións prácticas ás que asista.Coordinación da docencia: encontros entre a coordinadora da materia e as/os docentes e titoras/es terapeutas ocupacionais dos recursos de prácticas, de forma previa ao inicio das mesmas e de forma posterior.4.- Normas mínimas: o alumnado deberá cumprir unhas normas xerais básicas de identificación persoal, puntualidade e respecto á poboación atendida nos recursos en que se desenvolvan as prácticas, así como ao seu equipo profesional e ás súas instalacións. Ademais, deberanse respectar as pautas mínimas específicas que cada centro estableza para o correcto desenvolvemento das estadias prácticas.5.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente unha cualificación de suspenso (nota numérica '0') na convocatoria en que se cometa a falta, tanto se a falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías